

Guía de procedimientos e servizos

ED330F - Axudas para a adquisición de material escolar.

Forma presentación

Presencial

Datos solicitude

Prazo de presentación: 02/09/2015 - 01/10/2015.

Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Prazo de resolución: Tres meses

Sentido do silencio administrativo: Negativo

Documentación

- As axudas serán solicitadas polos pais, nais, tutores ou representantes legais do alumnado. Presentarase unha solicitude por cada alumno ou alumna matriculados, de xeito que, se un solicitante ten varios fillos ou fillas matriculados nas ensinanzas obxecto da convocatoria, xa sexa no mesmo ou en distinto centro, deberá presentar unha solicitude para cada un deles.
- As solicitudes (anexo I) deberán presentarse en soporte papel, preferentemente no centro en que estea matriculado o alumno ou alumna, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) .
- Os formularios de solicitude poderán obterse na guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.es>, nas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e tamén se poderán descargar en formato PDF do portal educativo no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>

Unha vez cuberta a solicitude, deberá presentarse xunto coa documentación, segundo se indica no artigo 3 desta orde, debidamente asinada polo pai, a nai ou tutor/a do alumnado. Todo isto sen prexuízo da sinatura por parte do resto dos membros da unidade familiar que obteñan ingresos, excepto nos supostos de separación ou divorcio, nos cales poderá omitirse a sinatura do proxenitor que non teña a custodia do menor.

A aplicación informática para a xestión das axudas tamén permitirá a xeración da solicitude unha vez introducidos os datos polo centro.

- Se a solicitude se presenta no centro docente onde está matriculado o alumno, presentarase orixinal e copia da documentación, co fin de que a persoa que a reciba poida verificar a autenticidade da copia e devolva os orixinais. En caso de que a presentación non se faga no centro, deberá presentarse orixinal ou copia debidamente compulsada.

A documentación que hai que achegar xunto á solicitude será a seguinte:

- a) Copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar, cando non autoricen a consulta



telemática.

- b) Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables da unidade familiar.

Só no caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, no día 31 de decembro de 2013, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- 1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
 - 2º. Certificado ou volante de convivencia.
 - 3º. Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia que acredite a situación familiar.
- c) Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do ano 2013 ou, na falta desta, o certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante, cando non autoricen a consulta telemática.
 - d) No caso de discapacidade igual ou superior ao 33 % dalgún membro da unidade familiar, incluído/a o/a alumno/a, deberá presentarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia en 31 de decembro de 2013:
 - 1º. Certificado emitido polo órgano competente.
 - 2º. Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de percepción de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou
 - 3º. Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
 - e) No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar: documentación acreditativa.
- A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.
 - O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.
 - Os centros docentes prestarán asesoramento ás persoas interesadas para que cubran as solicitudes de xeito correcto en todas as súas epígrafes e acheguen a documentación requirida por esta orde.
 - A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A onde acudir

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono 012 ou enviando un correo a 012@xunta.es

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

SUBDIRECCIÓN XERAL DE CENTROS

SERVIZO DE XESTIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS
SAN CAETANO S/N
15771
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: [981546523](tel:981546523) / [981546521](tel:981546521)

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

R/ Vicente Ferrer, 2
15008
A CORUÑA
Teléfono: 981184701 Fax: 981184785

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

Ronda Muralla, 70
27071
LUGO
Teléfono: 982294210 Fax: 982294152

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

R/ Concello, 11- 6º
32003
OURENSE
Teléfono: 988386615 Fax: 988386788

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

R/ Fernández Ladreda, 43, 7º e 8º andar
36003
PONTEVEDRA
Teléfono: 986505188 Fax: 986805937

Obxecto

O obxecto desta orde é convocar axudas para a adquisición de material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2015/16.

Esta convocatoria tramitarase polo procedemento establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que polo obxecto e finalidade da subvención non será necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

Beneficiarios

Alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial.

A concesión da axuda comporta as seguintes obrigas:

- a) Seguir as directrices que marca a orde de convocatoria e destinar o importe da axuda na súa integridade á adquisición de material escolar do curso académico para o cal se solicitou a axuda.
- b) Cooperar coa Administración educativa en cantas actividades de inspección e verificación leve a cabo, para asegurar o correcto destino da axuda.
- c) As establecidas para os beneficiarios no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Requisitos

- a) Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial nun centro sostido con fondos públicos durante o curso escolar 2015/16.
- b) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros.

Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 25 de agosto de 2015 pola que se convocan axudas para a adquisición de material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2015/16 (DOG nº 166 do 1 de setembro de 2015).

Acceda a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>